

ENTREVISTA

Por que o título de *Poesía Barata*?

-*Poesía Barata* soa a poesía mala, evidentemente. É unha etiqueta irónica, porque xoga con esa posibilidade e, ao mesmo tempo, co “barato” como “asequible”, e non só polo prezo, senón tamén como algo para todos os públicos. Así que esta poesía tamén se pode entender por ese lado, como poesía apta para calquera. Por outra banda aínda, o de “barato” -se queremos poñernos un pouco pedantes-, entra na tradición da chamada *arte povera*, xa que a materia prima, agás en determinadas ocasións, con algunha que outra palabra “estridente”, é un vocabulario absolutamente cotián, minúsculo, que non chama moito a atención, que vai un pouco ás caladas.

- Son poemas “fáciles”, como ben di, e moi directos, como disparos de sentimentos...

-De sentimentos, certo que si. Porque, aínda que permanezan de xeito evidente as constantes de toda a miña traxectoria, os silen-

dentemente diso, si que é certo que hai un deixar pousar os textos e volver sobre eles constantemente, retocalos; algúns caen, outros nacen dunha forma distinta, e ese traballo vén dende atrás.

- Exemplo de que se toma o seu tempo para publicar é que *Poesía Barata* sae sete anos despois que o seu último poemario, *Et finira le jour de son commencement*...

-Tal como che dicía, o traballo é de moita elaboración. Os textos van saíndo, aínda que cando me meto nun proxecto determinado, si que hai unha concentración e entón, por acumulación, por dicilo dalgún xeito, vaíse creando, van aparecendo os textos, vanse remexendo... Independentemente diso, tampouco me dou présa á hora de escribir. Non teño esa necesidade... Ben; evidentemente, necesidade económica non a ten ningún poeta, porque ningún poeta vive diso, pero tampouco esoutra necesidade vital.

- A colección “Tambo” está coordinada por Luís Rei Núñez que é, ademais, o director de *Libro Aberto*, programa que Vde. presenta na

TVG. *Facia falta xa un programa así na nosa televisión pública...*

-Programas culturais houbo, pero pasou un tempo moi longo durante o cal practicamente non quedaba nada. O espazo de cine si existía, pero a uns horarios aínda máis intempestivos, se cadra. Creo que a TVG, como televisión pública que é, está obrigada a contar con este tipo de programas, tanto de libros como de cine ou de cultura, en xeral, como é o caso de *Miraxes*. Eu sempre o digo, son vinte e catro horas ao día, sete días á semana, e dá tempo para moito.

- O programa, a pesar da hora de emisión, *está a contar co favor do público, cousa que vén demostrar que a xente responde ben á oferta televisiva de calidade.*

-É que hai para todo. Aínda que soe un pouco elitista, isto podémolo contemplar como se fose unha pirámide. Os asuntos que máis nos chaman, polo morbo ou polo que sexa, están na parte baixa. Aí chegamos todos, polo que é normal que ese tipo de programas teñan moita máis audiencia. Pe-

ro insisto: hai vinte e catro horas de programación, con cabida para programas como este. E cando haxa segunda canle, aínda con maior motivo. Non van ter a audiencia que teñen outros, pero este público ten dereito a que este tipo de espazos tamén se faga.

- Poeta e amigo de poetas. Como lle parece que vai a poesía galega?

-Vai [ri] Non es a primeira persoa que me pregunta tal cousa, pero sempre me vexo na tesitura de responder así. Lévese facendo poesía en galego moitísimos anos, e seguirase a facer durante moitísimos máis, así que... como está? É boa ou mala? Pois non vou ser eu quen o diga... non por nada, senón porque hai poesía que a min, particularmente, me gusta e outra que non me gusta nada, pero iso pasa agora, pasou hai moitos anos e seguramente seguirá pasando. Se a pregunta vai por se se publica moito...

- Tamén. Por exemplo, esta colección está editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra. É sintoma de algo que teñan que ser as administracións quen publiquen?



ELI REGUEIRA

cios, as páxinas en branco, a fala minúscula, o carácter irónico nos discursos... en *Poesía Barata* dáselles corda ceiba aos sentimentos. Isto, que se afasta da outra forma de escribir, máis intelectualizada se queres, máis críptica tamén, posiblemente faina máis lexible.

- E por que ese agromar dos sentimentos?

-Quizais porque me fago maior [ri] Pode ser unha boa razón, non sei. Perdes certas retencencias, que moitas veces non son máis que medos a afrontar determinado tipo de cousas; un sempre se mete dentro dese escudo, dese caparazón que o defende do exterior, e no exterior están os sentimentos, está a vida... e esta é unha maneira -tampouco sen pasarse, eh?- de achegarse a ela.

- Ademais desta evolución temática, como foi cambiando o seu proceso de escrita nestes case trinta anos que leva publicando?

-Non variou practicamente nada. Se o que preguntas é se agora sae máis fluído, pois non. Non sei se terá moito interese, pero hai sempre un traballo. Igual non se nota, pero hai unha elaboración real sobre os textos. De feito hai moi pouca publicación miña porque ... ben, haberá quen diga “é que este é un nugallán”... tamén, de acordo, mais indepen-

Manuel M. Romón

“A materia prima de *Poesía Barata* é cotiá, normal, minúscula”

Sete anos despois de que Et finira le jour de son commencement vira a luz, Manuel M. Romón vén de publicar Poesía Barata (Tambo), un poemario “para todos os públicos” no que, por primeira vez na súa traxectoria literaria, “ás caladas, sen chamar moito a atención”, agroman os sentimentos.

NATALIA ÁLVAREZ

-A poesía sempre tivo bastantes problemas á hora de que as editoriais lle deran un lugar. Loxicamente, tamén ten que ver coa cantidade de lectores. Pero non se vai deixar de editar polo feito de que sexan menos os lectores de poesía que os de narrativa, iso é evidente. Que tal implique que as publicacións sexan máis tanxenciais ou que se busque abeiro en entidades públicas e demais... pois creo que si.

- Nunca lle deu pola narrativa?

-Volvemos ao de nugallán de antes [ri] Hai un libro de narrativa, *Anaí*, publicado en 1983, xusto no momento en que desaparece Rompente. Vai acompañado dunha cassette con música de Enrique Macías e eu creo que é un conto... Aínda que cando Reixa llo levou a unha crítica que coñecía en Portugal, dixo que aquilo era poesía, que iso non o criticaba. Certamente, foi a única vez que intentei meterme na narrativa. Seguramente non o fago porque non o sei facer.

- O que si é é columnista no xornal *20 minutos*...

-Son “minicolumnista”, tamén hai que pensalo así. Pode que en distancias curtas me defenda e que, porén, un pouco máis alá xa non teña folgos para chegar.